



*Imaxe de Sta. Ana*

**ENRIQUE BANDE RODRÍGUEZ**

*Biografía, consultar «Raigame» nº 3.*



Enrique Bande Rodríguez

## RELIXIOSIDADE, CRENZAS E PRÁCTICAS VITAIS DO CAMPESIÑADO GALEGO (III)

### 5. Crenzas relacionadas coa relixiosidade popular.

As xentes acoden aos santos para curar as doenzas, para alonxar tormentas e para que Deus lles protexa os froitos.

#### 5.1. Crenzas relacionadas coas peregrinacións e as romarías.

Nas romarías, peregrinos e romeiros, para purificarse das súas faltas e dos seus pecados laban as mans nas fontes santas e beben destas augas. Para conseguir o pedido e para se libren das enfermidades empregan reliquias, tocan e bican as pedras da ara ou a pedra do sepulcro que cobre ao santo. Bican o manto da

Virxe, piden ao crego que lles bendiga os nenos, restregan a lingua polo pavimento da igrexa ou do santuario, abrazan a esfínxe do santo ou pásanlle o pano pola cara para pasalo despois pola súa. Outros pasan baixo as andas que serven de peana ao santo ou á Virxe en forma de cruz, dan voltas de xeonllos ou descalzos de redor do santuario ou das andas que sosteñen a imaxe bendita. Van descalzos ou de xeonllos a unha ermita con unha vela na man, depositan obxectos votivos nas ermitas, collen pedras e tíranas ou depositanas no “humilladero”, simbolizando que deixan alí a enfermidade e que desfácéndose destas pedras tamén se desfán dos males, e se purifican pola penitencia. Botan

pan no pilón dunha fonte e se flota é que o santo amósase propicio para atender as súas súplicas, pero se vai ao fondo os devotos poden perder a esperanza de curar.

**Bican o manto da Virxe, piden ao cura que lles bendiga os nenos, restregan a lingua polo pavimento da igrexa ou do santuario, abrazan a esfínxe do santo ou pásanlle o pano pola cara para despois pasalo pola súa.**

## 5.2. Crenzas que se empregan para alonxar as tormentas e os tronos.

Para alonxar as tormentas tocan as campás, pois hai o costume de que os demonios encárnense nas nubes da tormenta e ao ouvir as campás collen medo e alónxanse e con eles as tormentas. Cando trona queiman loureiro bendito o día de ramos, acenden candelas bendicidas o día da Candelaria, abren as portas dos templos, dos santuarios, das ermitas e capelas, tocan tixolas, poñen os trébedes cara o ceo, poñen os potes boca abaixo, e as palas de enfornar a modo de cruz. Poñen enriba da mesa da coci-

ña un coitelo cravado, significando con elo que se o coitelo corta o pan tamén pode cortar as tormentas. Collen as basoiras de barrer o forno e póñenas enriba do tellado da casa significando que se a basoira limpa o lume do forno tamén limpa a nube que trae a tormenta. Poñen flores e herbas en portas e xanelas para que non entren as meigas nen o mal de ollo. Empregan a cruz de caravaca e medallas. Tañen latas. Acoden ao noveiro, ao tonante, quen ten o poder de alonxar a nube, os lóstregos e os tronos e de facer que desapareza a tormenta ou que as nubes descarguen no monte, nos ríos ou na mar. A xente cre poñer-

se a salvo da tormenta espetando areas de sal na sen e poñendo follas de coles enriba da cabeza, clamando ao ceo e aos santos dicindo:

*Santa Bárbara bendita  
que en el cielo estás escrita,  
tente, trono, tente en tí  
que Dios manda más que tí.*

Tamén tocan a trono desde o campanario da igrexa, dado que hai unha práctica autorizada polos sínodos das dióceses galegas que di que “cando os curas vexan o tempo revolto ou de tormenta de auga, de pedra ou de aire, fagan tañer as campás e vestidos con sobrepellices, roquetas e estolas canten na igrexa e recen con devoción as cousas que manda o Manual Romano e outras cousas que a igrexa ten para esto aprobadas. Se abren o sagrario non saquen o

**“Cando os curas vexan o tempo revolto ou de tormenta de auga, de pedra ou de aire, fagan tañer as campás e vestidos con sobrepellices, roquetas e estolas canten na igrexa e recen con devoción as cousas que manda o Manual Romano e outras cousas que a igrexa ten para esto aprobadas. Se abren o sagrario non saquen o Santísimo”.**



*Imaxe de Sta. Bárbara*

Santísimo”. Os manuais aprobados pola Igrexa dinnos como conxurar endemoniados, como bendicir as primeiras pedras das igrexas e como bendicir as fontes. Isto indica que a igrexa oficial tamén participa desta mentalidade. Rezan o rosario e remátano cunha retahila de oracións máis longas que o mesmo rosario, pedíndolle á Virxe que os libere dos males que os acosan. Ofrecen misas a animais, litros e cuartillos de aceite aos santos máis milagreiros, sempre cunha finalidade utilitaria e práctica.

## **6. Crenzas relacionadas coa morte e cos difuntos.**

### **6.1. Crenzas relacionadas cos sinais de morte.**

Din que son sinais de morte o canto do moucho, os ruídos estranos, as luciñas que se ven pola noite, conversacións que se ouven sen ver a naide, o canto da curuxa, o canto do corvo, as pitas que cantan como o galo, os cas que oubean como os lobos, ruídos de cadeas arrastradas, portas e xanelas que se pechan ou abren soas e de golpe, medos que se meten nos corpos, forzas estranas que nos suxeitan por detrás...  
Din tamén que cando vai

morrer unha persoa as velas dun enterro que se celebre na parroquia non alumean como sempre e rematan por se apagar. Cando a vela que se apaga é a da esquerda din que o próximo en morrer será home e se a vela é a da dereita muller. Din que cando coinciden as campás de dúas parroquias en dar as doce campanadas é sinal de morte na parroquia á que pertenza a campá que tarde máis en dar a última badalada.

Hai a crenza de que aos velatorios non se pode levar nenos pequenos, nen deben ir tampouco as mulleres preñadas para que non lles entren os aires de morto. Pénsase que o morto despide aires malos que se meten nos corpos dos vivos e por iso, xunto ao cadáver, non se deben levar meniños para que non lle entre os citados aires. Ao empanar ao morto tapónanlle tódolos orificios para que non boten aires malos cara os vivos.

### **6.2. Crenzas relacionadas cos difuntos.**

Cando morre un membro dunha familia aféianlle a barba e gárdanlla para facer maleficios relacionados coa esterilidade e co demo, dado que este vai asociado aos cemite-

rios, aos areais, ás praias, aos desertos e aos montes pelados. Á hora da morte dunha persoa laban o corpo do defunto pensando que así libéranos dos pecados.

Cando un cadáver está de corpo presente acoden de noite para velalo. Na casa do morto, homes e mulleres acompañan aos familiares e fan múltiples ritos. Nestas noites cométese todo tipo de pecados. Unha vez enterrado, os veciños acoden á casa do defunto para facer un xantar ritual, coméndolle todo o que teñan. Nas comitivas fúnebres, os prantos son practica- dos por plañeiras. A categoría social e económica do defunto determina o número de cregos e plañeiras que acoden ao enterro. Nos mortuorios e nos días de defuntos

**Cando morre un membro dunha familia aféitanlle a barba e gárdanlla para facer maleficios relacionados coa esterilidade e co demo, dado que este vai asociado aos cemiterios, aos areais, ás praias, aos desertos e aos montes pelados.**

comían, bebían e puñan dentro da igrexa, por riba dos altares, pratos e xarras.

### **6.3. Crenzas relacionadas coa Santa Compañía.**

Nas nosas aldeas hai a crenza de que todas as noites unha procesión de ánimas en pena, con luces acesas nas súas mans, vestidas de branco e en dúas filas saen do templo parroquial e van até outra parroquia, templo ou até unha capela ou ermita para despois regresaren. Unhas veces van sen facer ruído e outras tocando campanillas, cantando salmos, responsos e oracións. Quen tope con esta procesión de ánimas en pena ten que facer un círculo no chan e meterse dentro, ou botar man dunha rama de olivo bendita o día de ramos. Do contrario quedará obrigado a levantarse da cama todas as noites e levar a cruz na procesión até que morra.

### **6.4. Crenzas relacionadas coa aparición dos mortos.**

Din que os defuntos despois de mortos pódense aparecer aos vivos para lles pedir axuda. Aparécense en forma de bolboretas, de abellas ou de pombas. Hai a crenza de que na Noite Boa veñen as

almas dos que morreron na casa e por iso, deixan sen recoller a mesa, para que as ánimas dos mortos coman e descansen.



*Romeira facendo o camiño de xeonllos cumprindo unha promesa.*  
Gran Enciclopedia Gallega.

## **7. Outras crenzas.**

### **7.1. Crenzas relacionadas coas vacas que deixan de dar leite ou que o dan mesturado con sangue.**

Cando unha vaca non dá leite ou bótao mesturado con sangue botan unhas gotas de leite na pedra de asar a bica ou sobre a chapa quente da cociña de ferro e para munxir a vaca queiman incenso, poñendo o cacharro ardendo baixo os tetos.

### **7.2. Crenzas relacionadas co futuro.**

Romeiros e pelegríns nos santuarios piden a Deus e aos santos que lles revelen as cousas futuras, incluso aquelas que non dependen da súa vontade. Piden que lles comuniquen se as súas peticións serán atendidas ou non.

### **7.3. Crenzas relacionadas coa fin do mundo.**

Considérase que os cometas son anuncio ou presaxios da fin do mundo. Din que traen ruínas, que son castigos de Deus, síntoma de desordes e de todo tipo de calamidades.

### **7.4. Crenzas relacionadas coa limpeza da casa.**

Ao barrer a cociña pensan que non se pode botar o lixo para

**Quen tope con esta procesión de ánimas en pena ten que facer un círculo no chan e meterse dentro, ou botar man dunha rama de olivo bendita o día de ramos.**

o camiño, pois con ela vai a sorte e as almas dos defuntos que se sentirán ofendidos e provocarán males na casa e na familia. Din que barrer a casa de noite é barrer a sorte da familia.

### **7.5. Crenzas para pedir que o ano sexa abundante.**

Pénsase que o día da Candelaria, ao quitar a Virxe en procesión, se a vela que leva a efixie da Virxe acesa na man volve acesa á igrexa é sinal e anuncio dun ano abundante e próspero, pero se se apaga non hai que agardar máis que malas colleitas, desgracias e miserias.

### **7.6. Crenzas relacionadas cos ciúmes.**

Para saber se os ciúmes están xustificadas depositan na auga dunha fonte tres anaquiños de pan; o primeiro representa á mesma persoa, o segundo a persoa da que se teñen ciúmes e o terceiro o santo. Se o último anaco depositado se achega aos outros dous as sospeitas non son fundadas pero se se alonxa os ciúmes teñen algunha razón.

### **7.7. Crenzas para adiviñar as cousas futuras.**

Para adiviñar as cousas futuras cortan flores ou desfollan unha rosa poñendo nas súas verbas e nos seus sinos as forzas debidas ao único Deus de quen todo nos ven.

### **7.8. Crenzas relacionadas coa conservación do pan e do viño.**

As nosas xentes fan ritos relacionados coa fertilidade consistente en facer cruces sobre a masa do primeiro pan novo que cocen e tamén fan cruces acima da artesa onde poñen o pan cocido crendo qu así se multiplica e non se estraga a masa. Para que non se derrame o viño fan cruces sobre a barra da cuba.

### **7.9. Crenzas relacionadas co crisma e coas aras.**

Para facer maleficios empregan indebidamente o crisma e a pedra da ara. Os bispos quéixanse de que hai moitos que fan uso do santo crisma e da pedra da ara e hai tamén quen rompe as aras para facer maleficios con temeridade sacrílega. Rouban nos templos o crisma e empregan os pedazos da pedra da ara para facer

maleficios.

### **7.10. Crenzas relacionadas coa infelidade matrimonial.**

Moitos maridos pucos temerosos de Deus, tendo sospeitas de que as súas mulleres ou os seus amigos lles fan maleficio andando con outros ou parindo de outros, para asegurar a paternidade das criaturas que elas paren, os maridos lévanas ás igrexas e obriganas a facer xuramento sobre o Santo Sacramento e outras veces fanlles mollar as mans e metelas en fariña dicindo que se esta se pega é certo que a muller fixo maleficio.

**Para saber se os ciúmes están xustificadas depositan na auga dunha fonte tres anaquiños de pan; o primeiro representa á mesma persoa, o segundo a persoa da que se teñen ciúmes e o terceiro o santo. Se o último anaco depositado se achega aos outros dous as sospeitas non son fundadas pero se se alonxa, os ciúmes teñen algunha razón.**